

~~ANEXO III~~~~Especies de aves do anexo I da Directiva 79/409/CEE
presentes na ZEPA Pena Trevinca~~

Nome científico	Nome galego	Estatus
<i>Ciconia ciconia</i>	Cegoña-branca	Estival
<i>Pernis apivorus</i>	Miñado-abelleiro	Estival
<i>Milvus migrans</i>	Millafre negro	Estival
<i>Circus gallicus</i>	Aguia-cobreira	Estival
<i>Circus cyaneus</i>	Gatafornela	Residente
<i>Circus pygargus</i>	Tartaraña-cincenta	Estival
<i>Aquila chrysaetos</i>	Aguia-real	Residente
<i>Hieraetus pennatus</i>	Aguia-calzada	Estival
<i>Falco columbarius</i>	Esmerrillon	Invernante
<i>Falco peregrinus</i>	Faleón-peregrino	Residente
<i>Bubo bubo</i>	Bufo-real	Residente
<i>Perdix perdix hispaniensis</i>	Charrela	Residente
<i>Caprimulgus europaeus</i>	Avenoiteira-cincenta	Estival
<i>Alcedo atthis</i>	Picapeixe	Residente
<i>Lullula arborea</i>	Cotovia-pequena	Residente
<i>Anthus campestris</i>	Pica-campestre	Estival
<i>Sylvia undata</i>	Papuxa-do-mato	Residente
<i>Lanius collurio</i>	Picazo-vermello	Estival
<i>Pyrhocorax pyrrhocorax</i>	Choiá	Residente
<i>Emberiza hortulana</i>	Escribenta-hortelá	Estival

Orde do 18 de xuño de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria dos premios a experiencias curriculares no Proxecto Climántica, 2007-2008.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para efectos de desenvolver a dimensión educativa do Plan Galego de Acción Fronte ao Cambio Climático, puxo en marcha o Proxecto Climántica, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O Proxecto Climántica aborda as grandes problemáticas ambientais actuais -quecemento global, enerxía, residuos, auga, biodiversidade, territorio, medio rural e medio urbano- relacionándoas co cambio climático. O seu obxectivo principal é desenvolver un modelo educativo participativo e aberto a todos os axentes sociais, co fin de concienciar a sociedade acerca da ameaza que supón o cambio climático, da importancia de tomar medidas de alcance global fronte a este e da potencialidade que temos todos os cidadáns de definir e de aplicar estas medidas na vida cotiá.

Co obxecto de permitir unha aproximación non exclusivamente academicista á comprensión do cambio climático e socializar o coñecemento incorporando ao maior número de axentes no proceso, este proxecto está ofrecendo contidos didácticos susceptibles de seren adaptados aos proxectos curriculares e ás programacións didácticas dos centros educativos, fomentando o debate e a reflexión ambiental dentro da comunidade educativa.

Desde que este proxecto se presentou á Comunidade Educativa de Galicia o 8 de febreiro de 2007, están a aumentar o número de centros que desenvolven estas experiencias. Por este motivo e, co fin de acadar unha participación activa dos centros educativos neste proxecto, estanse a realizar xornadas formativas, materiais didácticos e outras iniciativas, todas elas recollidas na páxina web do Proxecto Climántica.

Esta orde pretende fomentar a aplicación nos centros educativos de Galicia, das propostas do proxecto Climántica, mediante convocatoria de premios de carácter autonómico destinado aos centros educativos coa que se recoñeza o traballo educativo desenvolvido no marco do proxecto.

Polo exposto, no uso das atribucións que me confiere o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Creación.**

O obxecto desta orde é a creación dos Premios a Experiencias Curriculares no Proxecto Climántica en centros educativos sostidos con fondos públicos, así como a convocatoria da súa I Edición para o ano 2007-2008.

Artigo 2º.-Dotación económica.

1. Outorgarase ata un máximo de 50 premios, de 1.000 euros cada un, ás mellores experiencias curriculares no Proxecto Climántica durante o curso académico 2007-2008.

2. Os premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 15.04.541.E.640.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Artigo 3º.-Bases reguladoras.

A concesión dos premios tramitarase baixo o réxime de concorrencia competitiva e axustarase no seu desenvolvemento ás seguintes bases:

Primeira.-Obxecto.

Os premios convocados mediante esta orde teñen por obxecto premiar o grao de desenvolvemento do Proxecto Climántica, promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, nos proxectos curriculares ou programacións didácticas dos centros educativos de Galicia adheridos ao dito proxecto durante o curso 2007-2008.

Segunda.-Destinatarios.

1. Poderán participar nesta convocatoria de premios os centros educativos de Galicia de niveis non universitarios, sostidos con fondos públicos, que teñan recollido na súa Programación Xeral Anual ou actas de órganos colexiados de goberno e de coordinación docente a participación no Proxecto Climántica durante o curso 2007-2008.

2. Non poderán ter condición de beneficiarios das axudas previstas nesta orde, as persoas ou entidades en que se produza algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-Premios.

1. Outorgaranse ata un máximo de 50 premios, de 1.000 euros cada un, ás mellores experiencias curriculares que concretan e adaptan os seus proxectos e programacións didácticas ao Plan Galego de Acción Fronte ao Cambio Climático.

2. Os premios dotaranse no seu conxunto cun máximo de 50.000 euros con cargo á partida orzamentaria 15.04.541.E.640.1 (2005-00280), dos

orxamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Cuarta.-Xestión.

A xestión dos premios a experiencias curriculares no Proxecto Climántica 2007-2008 en centros educativos sostidos con fondos públicos, farase de acordo cos principios recollidos no punto segundo do artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.-Solicitudes.

1. As solicitudes irán dirixidas ao conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e deberán ser presentadas mediante modelo normalizado recollido no anexo I desta orde, en calquera dos lugares previstos polo artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Unicamente se admitirá unha solicitude por centro.

3. No caso de que as solicitudes se envíen por correo certificado, a documentación que deberá xuntarse ao traballo terá que ser datada e cuñada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

Sexta.-Prazo de presentación das solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes, de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orxamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, será dun mes contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde.

Sétima.-Emenda da solicitude.

Unha vez presentada a solicitude, revisarase a súa documentación e se esta non reunise os requisitos exixidos, requirira o solicitante para que, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da recepción do requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non o fixese, se poderá considerar desistido da súa petición, arquivándoa sen máis trámites, de acordo co disposto no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Oitava.-Documentación que se ten que xuntar á solicitude.

1. Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación (que se pode obter na páxina web desta consellería: <http://medioambiente.xunta.es/formularios.jsp>):

a) Solicitude de participación no modelo de instancia que se establece no anexo I.

b) Memoria descritiva da experiencia curricular de desenvolvemento do Proxecto Climántica no centro, coa estrutura, contido e características detalladas no anexo II, que deberá ser asinada polo director do departamento e profesores vinculados ao proxecto.

c) Unha escolma de ata cinco (5) traballos elaborados por alumnos do centro, individualmente ou en grupo, no marco do desenvolvemento do Proxecto Climántica.

d) Unha declaración xurada ou promesa asinada polo director do centro, segundo o modelo incluído como anexo III, facendo constar:

-Que se dispón dos permisos ou autorizacións necesarias para a publicación, distribución e uso da

totalidade dos materiais escritos, sonoros ou visuais incorporados en calquera formato á memoria ou aos traballos adxuntos a esta, así como das facultades necesarias para autorizar a realización dos ditos actos por terceiros.

-Que se autoriza a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para divulgar e utilizar os citados materiais durante un prazo máximo de dous (2) anos, contados a partir da data de resolución da concesión do premio.

-Que se dispón dos permisos e autorizacións necesarias para o emprego da imaxe dos menores de idade que, se é o caso, aparezan na memoria ou dos traballos adxuntos a esta.

e) Certificación do secretario do centro educativo, segundo anexo IV, facendo constar:

-O acordo adoptado polos órganos colexiados de goberno e/ou órganos de coordinación docente para participar no Proxecto Climántica no curso 2007-2008.

-Que os asinantes da memoria, así como os autores dos traballos son, respectivamente, docentes e alumnos do centro participante.

f) Declaración xurada doutras axudas, por parte de entidades públicas ou financiamento privado, para a mesma actividade (conforme o modelo recollido no anexo V).

Novena.-Criterios obxectivos de concesión dos premios.

1. A concesión dos premios a experiencias curriculares no Proxecto Climántica en centros educativos sostidos con fondos públicos durante o ano 2007-2008, farase tendo en conta os seguintes criterios:

A) Criterios de valoración das memorias:

1) Relevancia como modelo para aplicar noutros centros, pola claridade das explicacións sobre a planificación didáctica e educativa, polo seu valor para inspirar actividades internivelares e pola versatilidade e a eficacia coa que implica á comunidade educativa.

2) Fundamentación no marco do Proxecto Climántica, que evidencie as relacións co cambio climático e coa educación ambiental e que poña de manifesto os usos que se fan dos recursos de Climántica.

3) Importancia da experiencia curricular dentro do proxecto educativo do centro para a coordinación transversal dos departamentos, para a coordinación de niveis diferentes, para organizar xornadas temáticas que impliquen a comunidade educativa e para articular a programación de determinadas materias.

4) Manifestación de aspectos innovadores na metodoloxía, no uso de recursos de Tecnoloxías de Información e Comunicación (TIC) e no tipo de respostas que mostran os estudantes nos traballos modelo presentados.

5) Claridade técnica na redacción da memoria, rigor nos resultados e conclusións da avaliación e nas valoracións e correccións dos traballos dos estudantes presentados como modelo.

6) Calidade técnica na formulación dos obxectivos, na estruturación dos contidos e no deseño das actividades e instrumentos de avaliación.

7) Presentación de recursos en diferentes formatos para describir a experiencia.

8) Implicación da comunidade educativa non académica: familias, concello e sectores sociais.

Neste punto a valoración total acadará un máximo de catro (4) puntos, resultantes de atribuír ata 0,5 puntos, por cada un dos indicadores sinalados anteriormente.

B) Criterios de avaliación dos traballos realizados polos alumnos:

1) Que exista unha relación clara co proxecto.

2) Orixinalidade.

3) Elaboración rigorosa.

4) Capacidade de sensibilización.

5) Grao de madurez na elaboración técnica.

6) Que se mostren relacións entre coñecementos diferentes e comprensión destes.

O conxunto dos traballos acadarán unha puntuación máxima de 6 puntos, polo tanto, a puntuación máxima de cada un dos traballos presentados será de un con dous (1,2) puntos.

2. A puntuación mínima acadada por cada unha das solicitudes segundo os criterios establecidos no punto primeiro deste artigo, será de catro (4) puntos, sumando as letras A e B.

3. Unha vez establecida a orde de prelación pola comisión de valoración correspondente para cada solicitante, o criterio de repartición atenderá ás solicitudes de maior puntuación.

4. Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión de valoración poderá declarar desertos os premios se os proxectos non acadaran a puntuación mínima establecida. Así mesmo, no caso de que o número de participantes que acaden a puntuación mínima establecida sexa inferior a 50, os premios vacantes declararanse desertos.

Décima.-*Comisión de valoración.*

1. As solicitudes presentadas para participar na I edición dos premios a experiencias curriculares no Proxecto Climática en centros educativos sostidos con fondos públicos, serán valorados por unha comisión de valoración con suxeición aos criterios sinalados nesta orde.

2. A comisión de valoración estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, ou persoa en quen delegue e estará integrada polos seguintes vogais:

a) O/a xefe/a de servizo de Educación para a Sostibilidade, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.

b) O/a director/a do Proxecto Climática.

c) O/a xefe/a do Servizo de Promoción da Sostibilidade, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.

d) Unha persoa que represente a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Cando, por calquera causa, no momento en que a comisión teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será

substituído pola persoa que para o efecto designe a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.

3. A comisión de valoración concretará nun informe o resultado da avaliación efectuada, que será elevado, xunto coa proposta de resolución, ao director xeral de Desenvolvemento Sostible. Nesta proposta farase constar:

-Participantes admitidos.

-Puntuación atribuída a cada un deles.

-Participantes aos que se propón a concesión de premio.

-Se é o caso, número de premios declarados desertos.

Décimo primeira.-*Resolución do procedemento.*

1. O director/a xeral de Desenvolvemento Sostible, por delegación expresa do conselleiro/a de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, é o órgano competente para resolver a I convocatoria dos premios a experiencias curriculares no Proxecto Climática en centros educativos sostidos con fondos públicos.

2. A resolución do procedemento farase de xeito motivado, con suxeición aos criterios establecidos na base novena desta orde e será notificada aos centros educativos premiados.

3. A resolución do director/a xeral de Desenvolvemento Sostible pon fin á vía administrativa e fronte a esta, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ou ben, ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

4. O prazo para a resolución da I convocatoria dos premios a experiencias curriculares no Proxecto Climática en centros educativos sostidos con fondos públicos será de cinco meses, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación da solicitudes.

5. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se ditase e notificase a resolución posibilitará que os interesados poidan entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, de conformidade co disposto no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo da obriga de resolver expresamente as devanditas solicitudes, de conformidade co previsto no artigo 42 desta lei.

Duodécima.-*Rexistro Público de Subvencións.*

1. As resolucións de concesión de premios incluíranse no Rexistro Público de Subvencións dependente da Consellería de Economía e Facenda co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencional en Galicia.

2. Os interesados terán, en calquera momento, o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos que figuren no Rexistro Público de Subvencións, de conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. A solicitude para ser beneficiario dos premios a experiencias curriculares no Proxecto Climántica en centros educativos sostidos con fondos públicos levará implícita a autorización, no suposto de resultar premiado, para a inscrición no rexistro público de subvencións dos datos facilitados á Xunta de Galicia na súa solicitude. Non obstante, os solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións, cando concorran algunha das circunstancias previstas na letra d) do punto 2º do artigo 15 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Décimo terceira.-Publicidade.

1. De conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a concesión dos premios a experiencias curriculares no Proxecto Climántica en centros educativos sostidos con fondos públicos, será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, con expresión da súa convocatoria, do crédito orzamentario con cargo ao cal se aboarán estes premios, a identidade dos premiados, o importe dos premios, así como a finalidade da súa concesión.

2. Con suxeición ao establecido no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, os premios serán obxecto de publicación na páxina web oficial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, especificándose o importe destes, a relación dos premiados, así como as bases reguladoras destes.

3. Os centros premiados prestarán a súa autorización á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para a publicación total ou parcial da súa memoria de execución e das súas experiencias.

Así mesmo, a dirección de cada centro premiado arbitrará as medidas necesarias para que o contido da resolución de concesión do premio sexa coñecido por todos os sectores da comunidade educativa e entregará unha copia dela ao consello escolar, ao claustro, ás asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPAS) e, se fora o caso, ás asociacións de alumnado.

4. Así mesmo, a Consellería de Medio Ambiente poderá, a súa libre elección durante un prazo non superior a dous (2) anos desde a resolución das correspondentes convocatorias, divulgar as obras ou traballos premiados. Se na memoria figuran os datos dos compoñentes dos equipos docentes, grupos de traballo e estudantes, que desenvolveron a experiencia, farase constar unha relación nominal dos implicados, nos créditos da publicación, ademais do nome do centro.

Décimo cuarta.-Pagamento dos premios.

1. O pagamento do importe correspondente aos premios farase por transferencia bancaria á conta do centro especificada na solicitude de participación.

2. Os centros destinatarios dos premios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Con-

tas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

3. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 15.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, o beneficiario deberá incluír necesariamente no momento do pagamento unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Décimo quinta.-Modificación da resolución.

Toda alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sexta.-Compatibilidade.

Os premios a Experiencias curriculares no Proxecto Climántica en centros educativos sostidos con fondos públicos, serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou da Unión Europea para as mesmas finalidades, con suxeición en todo caso ao disposto na citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo sétima.-Infraccións e sancións administrativas.

1. Constitúen infraccións administrativas no procedemento de concesión dos premios a experiencias curriculares no Proxecto Climántica en centros educativos sostidos con fondos públicos, as sinaladas no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as cales serán sancionadas de conformidade co disposto na devandita lei.

2. O órgano competente para impoñer sancións polas infraccións cometidas dentro do procedemento de concesión dos premios a experiencias curriculares no Proxecto Climántica en centros educativos sostidos con fondos públicos, é o conselleiro/a de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Décimo oitava.-Reintegro dos premios.

1. Procederá o reintegro total dos premios concedidos no suposto de que os centros educativos premiados incumprisen as condicións ou os méritos tidos en conta para a concesión da I convocatoria dos premios a experiencias curriculares no Proxecto Climántica en centros educativos sostidos con fondos públicos.

2. O conselleiro/a de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible é o órgano competente para resolver o procedemento de reintegro destes premios que se rexerá polas disposicións xerais sobre procedemento administrativos contidas no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades recollidas no capítulo II, do título II, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

ANEXO I

PROCEDEMENTO PREMIOS A EXPERIENCIAS CURRICULARES NO PROXECTO CLIMÁNTICA, 2007-2008	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA405C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME DO CENTRO EDUCATIVO		CIF	
[]		[]	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
[]	[]	[]	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2
[]	[]	[]	[]
CORREO ELECTRÓNICO			
[]			

E na súa representación:

NOME E APELIDOS		NIF
[]		[]
CARGO DESEMPEÑADO POLO ASINANTE NO CENTRO EDUCATIVO		CORREO ELECTRÓNICO
<input type="checkbox"/> DIRECTOR <input type="checkbox"/> SECRETARIO		[]

Nº DE CONTA CORRENTE DO CENTRO (20 DÍXITOS)

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
[]	[]	[]	[]

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR (BASE 5ª DA ORDE)

<input type="checkbox"/> INSTANCIA (ANEXO I)	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA / PROMESA (ANEXO III)
<input type="checkbox"/> MEMORIA (ANEXO II)	<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN (ANEXO IV)

Para efectos do disposto polo artigo 13, parágrafos 3º e 4º, da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega; polo artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006; presto expresamente o meu consentimento para a publicación da relación de premiados na páxina web oficial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e no *Diario Oficial de Galicia*, así como para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, adscrito á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia. Así mesmo, declaro estar informado dos extremos exixidos polo artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, en especial dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 18 de xuño de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria dos premios a experiencias curriculares no Proxecto Climántica, 2007-2008.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
<i>Lugar e data</i>	[]	____/____/____
____, de ____ de ____	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
	[]	____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____

Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Disposición adicional

Única.-Delégase no director/a xeral de Desenvolvemento Sostible o exercicio da competencia para conceder ou denegar os premios obxecto desta orde, contida na súa base décimo primeira, consonte o disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director/a xeral de Desenvolvemento Sostible para ditar todas as resolucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2008.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

*ANEXO II***Estrutura, contido e requisitos da memoria descritiva da experiencia curricular**

Estrutura:

1. Datos técnicos:

- a) Título da experiencia curricular.
- b) Cursos implicados.
- c) Departamentos didácticos implicados e datos do profesorado.
- d) Materias implicadas e relacións cos seus currículos.
- e) Outros aspectos singulares en relación ao proxecto educativo e a organización escolar.

2. Fundamentación no marco de Climántica:

- a) Relacións co cambio climático e coa educación ambiental.
- b) Recursos de Climántica que se usaron.

c) Observacións sobre a aplicación do proxecto Climántica nesta experiencia curricular.

3. Obxectivos.

4. Contidos.

5. Metodoloxía.

6. Actividades.

7. Recursos.

8. Avaliación:

a) Criterios de avaliación.

b) Técnicas, procedementos e instrumentos de avaliación.

c) Resultados, valoración e conclusións.

9. Breve descrición sobre a implicación da comunidade educativa e sobre as interrelacións nivelares e disciplinares.

10. Fichas técnicas numeradas de cada un dos traballos con base no seguinte esquema:

1) Título.

2) Nome/s do/a/s participante/s.

3) Curso.

4) Modalidade do traballo: literatura (narrativa, poesía), artes plásticas (debuxos, bandas deseñadas, murais, collage, maquetas..) e multimedia (fotografía, curtos, gravacións de obras de teatro, de construcións de maquetas, de interpretacións musicais, de actividades prácticas diversas e investigacións...).

1. Breve descrición.

Requisitos:

*Presentación:

-Un exemplar impreso en tamaño DINA4.

-Unha copia en soporte informático (CD-ROM).

*Extensión máxima: 30 páxinas e 60.000 caracteres.

*Lingua galega.

*ANEXO III***DECLARACIÓN XURADA / PROMESA**

D./Dña , con NIF , nome do centro educativo , con CIF ,
endereço concello

NA MIÑA CONDICIÓ DE DIRECTOR/A DO CENTRO, E PARA OS EFECTOS DE QUE ESTE PARTICIPE NO PROCEDEMENTO REFERENCIADO, XURO OU PROMETO:

1º.- Que se dispón dos permisos ou autorizacións necesarias para a publicación, distribución e uso da totalidade dos materiais escritos, sonoros ou visuais incorporados en calquera formato á memoria ou aos traballos adxuntos a esta, así como das facultades necesarias para autorizar a realización dos ditos actos por terceiros.

2º.- Que se autoriza a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para divulgar e utilizar os citados materiais durante un prazo máximo de dous (2) anos, contados a partir da data de resolución da concesión do premio.

3º.- Que se dispon dos permisos e autorizacións necesarias para o emprego da imaxe dos menores de idade que, se é o caso, aparezan na memoria ou nos traballos adxuntos a esta.

Lugar e data

, de de 200

O/A DIRECTOR/A

Sinatura

ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE ADHESIÓN AO PROXECTO CLIMÁNTICA

D./Dña , con NIF , nome do
centro educativo , con CIF ,
endereço concello

NA MIÑA CONDICIÓ DE SECRETARIO/A DO CENTRO, CERTIFICO:

1º.- Que na acta da reunión do do centro, que tivo lugar en
data , consta acordo para a participación no Proxecto Climántica, promovido pola Consellería de Medio Ambiente e
Desenvolvemento Sostible.

2º.- Que os asinantes da memoria e dos traballos presentados coa solicitude de participación na convocatoria dos premios a experiencias
curriculares no proxecto Climántica, 2007-2008 son, respectivamente, docentes e alumnos matriculados no centro.

Lugar e data

, de de 200

O/A SECRETARIO/A

Sinatura

ANEXO V

DECLARACIÓN XURADA

DATOS DO SOLICITANTE

NOME DO CENTRO EDUCATIVO		CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
WEB DO CENTRO			
<input type="text"/>			

E na súa representación:

NOME E APELIDOS		NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
CARGO OSTENTADO POLO ASINANTE NO CENTRO EDUCATIVO		CORREO ELECTRÓNICO
<input type="checkbox"/> DIRECTOR <input type="checkbox"/> SECRETARIO		<input type="text"/>

En relación coas actividades obxecto de recoñecemento ao abeiara da orde pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria dos premios a experiencias curriculares no Proxecto Climántica 2007-2008,

DECLARA BAIXO XURAMENTO OU PROMESA:

- Que son certos os datos recollidos no presente expediente de solicitude de axuda.
- Que se teñen solicitadas as seguintes axudas para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (Resolución do 30 de novembro de 1999, acordo do Consello de novembro de 1999, no cal se establece o mecanismo de seguimento e control de concorrencia e acumulación de axudas públicas):

Ningunha outra axuda.

E para que conste, para os efectos oportunos, asina a presente solicitude.

Lugar e data
 _____, de _____ de _____

Fdo.: